

I Concurso de Fotografía



Bases do concurso:

- ✗ O tema da fotografía será o que é para vós “Novembro en Compostela”.
- ✗ As fotografías serán enviadas a redaccion@compostimes.com.
- ✗ Só se aceptarán fotografías de persoas ás que lles “guste” a páxina de Facebook de Compostimes.
- ✗ Cada fotógrafo poderá enviar só unha peza ó concurso. Non queremos acaparadores!
- ✗ O prazo para enviar fotografías estará aberto dende o sábado 10 de novembro ás 0:01 ata o domingo 18 ás 23:59, ámbolos dous minutos inclusive.
- ✗ Tódalas fotografías que sexan recibidas neste período de tempo participarán na votación. O único filtro previo será que as fotografías se adapten á temática do concurso.
- ✗ No correo electrónico que nos enviedes deberán constar: o nome de Facebook do fotógrafo, o título da fotografía e unha ou dúas frases que digan por que a imaxe simboliza o “Novembro en Compostela”.
- ✗ O nome do arquivo da fotografía debe ser tamén o nome de Facebook do seu autor.
- ✗ A fotografía gañadora será escollida por votación popular, contando os “gústames” que teña cada fotografía. Do mesmo xeito que para participar, só serán válidos os votos de aquelas persoas ás que previamente lles guste a páxina de Facebook de Compostimes.

- ✗ O prazo de votación estará aberto dende o día 19 de novembro ás 00:01 horas ata o día 26 do mesmo mes ás 23:59 horas.
- ✗ O gañador, unha vez feito o recuento dos votos válidos (o dos que xa son “fans” de Compostimes) anunciarase o día 29 de novembro na festa Compostimes que se celebrará tal día, e a súa dotación será:
 - Pack de produtos Compostimes: camiseta, chisqueiro, chaveiro, bolígrafo e cunca.
 - Cea para dúas persoas nun restaurante que se anunciará o día 23 de novembro. Podes escoller como acompañante mesmo a un compositor de Compostimes!
- ✗ A fotografía gañadora, ó igual que a segunda e a terceira, serán publicadas en Compostimes, xunto a tres textos que escribirán algúns dos nosos escritores en base ó que lles suxire a fotografía.